



ADEGA



Amigos da Terra



Matar por matar, NON

PARQUE INDUSTRIAL DE PUNXÍN

Punxín, xuño de 2010 -

–Estudio sobre o proxecto de “Parque industrial” incluído no PXOM de Punxín –

As asociacións ecoloxistas, **Matar por matar, NON**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa da Concordia, nº 29 – 3ªA - 32003 – Ourense, representada por D. Julio Fernández González, DNI 35.983.372X, **ADEGA, Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia**, con domicilio a efectos de notificación en Avda. Do Parque, nº 61 – Carballiño –Ourense, representada por Dona. Pilar Barros Barrio, DNI 34.913.490 e **Amigos da Terra**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa da Concordia nº 20 - 2º esquerda 32003 – Ourense, representada por Dona. Judith Sing Jackson DNI 45.143.113R, , EXPOÑEN:

Que por medio do presente escrito e ao marxe das alegacións que se poidan presentar cando corresponda, presentan, dentro do dereito de participación previsto en lei, consideracións ao proxecto de PXOM, remitido polo Concello de Punxín á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras, a cal remitiu o preceptivo “Informe Previo” con data 24 de novembro de 2009, conforme se publica na paxina da Consellería e que se atopa actualmente pendente de aprobación provisional en pleno.

Que no devandito proxecto de PXOM inclúe un parque industrial na Parroquia de San Estevo de Vilamoure e Lamas, no Concello de Punxín, que ocuparía unha superficie total de 30 hectáreas, nesa Parroquia.

Cuestionamos en primeiro lugar súa necesidade e utilidade:

- En primeiro lugar a necesidade de crear un parque industrial nese Concello é altamente cuestionable, e así se fai saber no “Informe Previo”, debido á súa escasa poboación (861 habitantes en 2009) e á avanzada idade media da mesma, pois tratase de unha poboación envellecida, na maior parte constituída por xubilados e persoas maiores de 60 anos. E tamén ao constante declíneo desa poboación, que ven diminuindo nos últimos anos (O 29% entre 1981 e 2007), como tamén así o destaca o informe previo remitido pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia.

De maneira que, tanto nas previsións de crecemento da poboación, como das necesidades do devandito parque, coincidimos plenamente co informe previo redactado pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta, nos que se contradín as esaxeradas previsión optimistas contidas, tanto no proxecto de PXOM, como na Avaliación Ambiental.

- Consideramos tamén que tal proxecto carece de utilidade algunha e tratase de un proxecto insostible, innecesario e de enorme impacto ambiental e paisaxístico.
- Un desproporcionado parque industrial, para un municipio rodeado de parques industriais, como os de Ourense, Carballiño e Maside (onde hai proxectado un de 100 has.) que se atopan en gran parte ociosos, ocupadas moitas das parcelas por residencias e con empresas que están pechando a diario.

- No hai indicios de que, na actualidade, exista una demanda de parques industriais nesta zona a vista da enorme dispoñibilidade doutros parques, con parcelas baleiras, a menos de 5 minutos do lugar.

Cuestionamos a súa situación:

- O Concello de Punxín ocupa unha área alargada de aproximadamente 5,5 km. de largo por 2 de ancho, que se estende de sur a norte ao longo deses 5,5 km., tendo ao sur o Río Miño e Barbantes, onde se sitúan diversas industrias, bodegas, graveiras, a industria alimenticia Coren, etc., así como os accesos á autovía A-52 (Vigo-Madrid) e á AG-53 (Ourense Santiago).

O percorrido de sur a norte salva un desnivel de 300 metros entre o Río Miño (ao sur) e Listanco (ao norte) no linde co Concello de Maside, de maneira que a pendente media ven sendo de un 6 por cen.

Sobre o lugar proxectado para situar este parque, ao norte do Concello e no extremo mais elevado, debemos dicir o seguinte:

A zona proxectada atópase no lugar mais alto do Concello de Punxín.

- En vista a estas circunstancias a primeira consideración é que non parece moi sensato colocar un parque industrial no lugar mais afastado dos accesos ás principais autovías que cruzan a zona. Accesos que, como se apunta no primeiro párrafo, atópanse en Barbantes, no extremo sur do concello.
- Tampouco parece sensato colocar este parque no lugar mais alto do concello, obrigando a calquera vehículo, sobre todo se son industriais, a que teñan que percorrer, para chegar hasta ele, un ascenso medio do 6%, podendo ter o parque na zona mais baixa do concello e ao lado dos accesos as autovías.
- Tampouco parece moi sensato colocar o parque industrial na zona mais alta do Concello porque tal situación implica que, tódalas emisións desta zona industrial, van afectar ao resto do territorio do Concello que se estende ao longo do vale do Barbantiño, o que implica que tamén os vertidos afectarán a todo o percorrido dese Río, problema que non existiría de colocar o parque na parte sur do Concello e pólo tanto na parte onde desemboca o Barbantiño.
- Debemos lembrar ademais que van ser investidos mais de 1.350.000 euros na zona termal de O Bañiño, para adecuala ao uso termal e turístico. Inversión que quedaría prexudicada polos vertidos que necesariamente irían pasar por esa zona, procedentes do devandito parque industrial.
- Situar este parque na parte más alta do curso do Río Barbantiño no solo contribúe a contaminar, aínda mais, este río, senón que tamén enviaría tódolos seus residuos, xunto cos das fosas sépticas das parroquias do resto do concello, por todo o vale do Barbantiño afectando á totalidade do territorio ocupado polo Concello, así como ao agora aprobado centro termal de O Bañiño para o que se destina o elevado presuposto mencionado con anterioridade.

- Pretendese situar este parque nunha zona sen accesos, lonxe das vías principais de comunicación e en medio dos tres pobos que conforman a Parroquia de San Esteban de Vilamoure (Lamas, Vilamoure e San Estevo) causando enorme impacto visual e ambiental aos tres. Precisaríase polo tanto a creación de accesos con notable movemento de terras que afectarían ao resto da zona desde o parque hasta a estrada nacional.
- Tampouco se entende que se trate de situar este parque no extremo norte do concello, no lugar máis recóndito, máis rústico, máis inaccesible, con mellor preservación medio ambiental e onde a agricultura e a gandería son as actividades fundamentais, cando na Estrada Nacional 541, en O Viñao, hai naves abandonadas e sen utilización con zona dispoñible para aumentar a superficie destinada a parque empresarial, en Punxín (A Forxa) hai naves de pensos e un almacén de materiais de construción, entre Punxín e Barbantes hai un serradoiro e finalmente en Barbantes, ao lado tamén de la N-541 e do acceso as autovías A-52 e AG-53, existe una excelente área totalmente plana onde se sitúan dúas adegas industriais de viño (Bodegas del Ribeiro e Bodegas Barbantiño), e as instalacións de COREN así como unha graveira ao outro lado do Río Miño. Todos lugares onde xa existen naves industriais, ao lado da estrada nacional, polo que non se precisa da construción de accesos, nas entradas das autovías A-52 (Vigo Madrid) e AG-53 (Ourense Santiago) onde non é necesario efectuar cambios dramáticos nin na paisaxe, nin no medio ambiente, nin talas masivas de frondosas autóctonas, etc, nin alterar completamente una zona, actualmente libre de industrias e con clara vocación agro gandeira e residencial.
- Hai que ter en conta, ademais, a agreste orografía da Parroquia, o que implica en enormes movementos de terra, para adaptala ás necesidades de un parque industrial, con repercusións nos cauces fluviais, que se verían ategados de lodos e terra, así como un impacto dramático na paisaxe.

Consideramos que ten efectos perniciosos para todo o Concello e para unha zona sen necesidades de industrias e con claro futuro residencial:

- Cabe destacar que a zona prevista para o parque goza ultimamente dunha procura de casas antigas para ser recuperadas, de feito, ultimamente foron compradas e restauradas a lo menos 5 propiedades na parroquia de San Esteban de Vilamoure. Eso é debido a que a zona presenta excelentes paisaxes, por atoparse na parte máis alta do Concello de Punxín e no cumio dos montes que rodean o vale do Barbantiño.

Loxicamente tanto as inversións feitas como as proxectadas, resultarían totalmente arruinadas, no caso de que se levase a cabo o proxecto dese parque industrial, xa que a paz, o sosego e a convivencia coa natureza que procuran os compradores desas casas deixarían de existir, perdendo o seu valor tanto as que xa foron adquiridas, como as que se están negociando e incluso as demais propiedades de tódolos veciños da parroquia que verían como as súas casas e propiedades perderían o seu valor debido a presenza do parque industrial a causa das emisións que produciría, os ruídos que iría ocasionar e os vertidos que xeraría. Baste como exemplo o acontecido en lugares como As Pontes

ou Cerceda onde, a veciñanza con este tipo de instalación, ocasionou a perda de valor de fincas e casas dos veciños así como a imposibilidade de vendelas.

- Incompatible coa reactivación residencial incipiente nesta zona serían tamén os rúidos, o asfaltado do territorio, secado de fontes, tala de árbores, etc.
- Nesta zona existe unha rica variedade de bosques, de frondosas autóctonas en excelente estado de conservación, que inevitablemente e conforme figura no plano do PXOM, serían afectados e incluso na súa maioría terían de ser arrasados para dar lugar ao parque industrial.
- En esta zona de Vilamoure, están situadas catro dos cinco últimos mananciais de auga potable que restan en la Parroquia, aparte das fontes dos pobos, nos caes aínda sobreviven algúns dos anfibios que xa desapareceron do resto do territorio.
- Tamén existen nesta Parroquia mais de cen parcelas constituídas en “Refuxios de Fauna”, recoñecidos por la Consellería de Medio Ambiente.
- Require este proxecto a tala de masas arbóreas con especies autóctonas, algunhas delas centenarias, así como un enorme movemento de terras, debido a orografía da zona, co consabido impacto nos acuíferos e na paisaxe.
- Este parque ocasionaría vertidos contaminantes, emisións tóxicas, contaminación acústica, etc. e en consecuencia perdas económicas importantísimas no valor das propiedades próximas a ese proxecto, ademais da destrución de una enorme área natural e de terras de labranza en explotación.
- O proxecto agora en curso xa foi rexeitado masivamente pos veciños do lugar, con motivo del intento de especulación coas súas terras levado a cabo hai dous anos.

A agreste orografía da zona, así como a súa situación no lugar mais elevado do Concello da lugar a espléndidas paisaxes e futuras zonas de residencia onde consideramos que reside o seu futuro e o seu crecemento económico sostible.

Consideramos tamén inaceptable e desde logo nada democrático que, para levar a cabo un proxecto que serve a intereses que ignoramos pero que desde logo non son os dos veciños da zona, a tramitación do mesmo se estea levando a cabo ás escondidas, sen informar aos afectados e sen o debate e participación previstos na lei de Ordenación Urbanística. E todo para impoñer un proxecto claramente nocivo para quen deba soportalo na veciñanza e que vai implicar en dramáticas consecuencias tanto para a calidade de vida dos veciños, como para o valor das súas propiedades.

Consideramos polo tanto o proxecto de parque industrial este Concello totalmente innecesario, desproporcionado, mal situado e carente por completo de xustificativa ou de beneficios para o lugar, aínda que si altamente prexudicial con implicacións altamente negativas para a zona

En virtude dos argumentos expostos consideramos que se debería eliminar este parque no proxecto de PXOM, actualmente en fase de redacción, ou alternativamente se sitúe nun lugar máis idóneo, con mellores accesos, onde xa existan outras instalacións industriais e onde os danos ambientais, paisaxísticos e visuais sexan menos nocivos.

09 de xuño de 2010



ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia)
AMIGOS DA TERRA
MATAR POR MATAR, NON.

ANEXOS:

- Plano de situación do parque industrial e sobreposto no SIGPAC.
- Planos de Situación e Orográfico.
- Panorámica do Vale de Punxín desde San Estevo de Vilamoure.


CONCELLO DE PUNXÍN

SITUACIÓN PREVISTA DO PARQUE INDUSTRIAL - 1



PLANO OROGRÁFICO DE PUNXÍN AO NORTE VILAMOURE, SAN ESTEVO E LISTANCO

NORTE



SUR

Conforme se pode apreciar no plano, a Parroquia de San Estevo de Vilamoure está situada ao norte do Concello, na parte mais alta do mesmo, e a esquerda do Vale de Punxín (regado polo río Barbantño).

Tamén se pode apreciar como, ao sur do Concello, atópanse os enlaces coas autovías A-52, Vigo-Madrid, e maila AG-53, Ourense-Santiago, a cal descorre polo lado dereito do Vale de Punxín.

PANORÁMICA DO VALE DE PUNXÍN – AO FONDO O RIO MIÑO E A A-52

Foto tomada desde San Estevo de Vilamoure, no ano 2007, durante as obras da autovía AG-53 Ourense-Santiago.



– Punxín, xuño de 2010 –